

PLANO OPERATIVO ANUAL

2011

INTRODUCCIÓN

O Claustro da UDC aprobou as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 o pasado 18 de novembro. Nesa data, que veu determinada polo calendario electoral deste órgano e pola obriga de presentar ante a Xunta de Galicia un Plano de Sustentabilidade económica (posteriormente adiado), aínda non se dispoñía de datos definitivos sobre a distribución do orzamento global do SUG entre as universidades. Os contidos do antedito documento (dispoñible en http://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/sobreUDC/vice_estratexia_e_planificacion_economica/documentos/ProgPlurianual201113.pdf) estrutúranse nos seguintes apartados: contexto orzamentario; estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas; plano xeral de investimentos; e previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

O Plano Operativo Anual 2011 desenvolve o anterior documento, unha vez concretada a asignación da Xunta de Galicia, e acompaña ao Orzamento, explicando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres epígrafes. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o próximo exercicio nas liñas xerais da programación plurianual 2011-2013. O segundo recolle algunhas conclusións xerais da revisión dos Indicadores do Plano Estratégico do ano 2009. E o último informa sobre a dotación económica de actuacións relevantes nas área de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.

CONCRECIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS CONTIDAS NAS LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA 2011-13

As Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 incluían as seguintes previsións respecto das principais partidas de ingresos e gastos, que totalizaban unha baixada do orzamento duns 10 millóns de euros respecto do ano 2010 (no que o importe foi de 137,7 millóns):

- Ingresos
 - As transferencias da Xunta de Galicia (que representan unha media dun 75% do orzamento) reduciríanse dende o teito dos 102,8 millóns acadados en 2009 ata un valor en 2011 no intervalo dos 93,8-96,1 millóns, segundo a porcentaxe de participación final nos fondos repartidos entre as universidades.
 - Os recursos propios dispoñibles xerados no último exercicio liquidado reducíronse nuns 6 millóns de euros respecto dos acumulados para aplicar no orzamento 2010.
 - A pesares da positiva evolución do alumnado, redúcense tamén os ingresos de matrícula debido a cambios en situacións administrativas derivadas da transformación das titulacións no proceso de implantación do EEES.
 - Neste contexto de forte redución dos ingresos resultan cruciais no próximo bienio as fontes extraordinarias de recursos financeiros: a activación dun anticipo reembolsable xa concedido para o financiamento de obras en curso e unha reclamación histórica de IVE tramitada coa colaboración da Axencia Tributaria reportarán ingresos atípicos de 10 millóns de euros.
 - O contexto económico fai prever unha significativa caída nos fondos finalistas captados para I+D+i

- Gastos
 - Tendo en conta a rebaixa salarial do 5% aos empregados públicos, a desaceleración do crecemento de prazas previsto para 2010 e a actualización dos conceptos ligados á antigüidade, a previsión de mantemento do número efectivos traduciríase nunha redución do gasto de persoal algo superior ao 5% en 2011.
 - No gasto corrente en bens e servizos, aspirábase a incrementar en 2011 o recorte realizado en 2010 (2,5%).
 - A redución do capítulo de investimentos podería ter que achegarse ao 20% aplicado en 2010. A execución de obras limitaríase aos proxectos en marcha e aos inaprazables de magnitude moderada. En programas de investigación e en fondos descentralizados os axustes serían máis moderados e selectivos.
 - As bolsas seguirían a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento.

Unha vez concretadas as achegas públicas previstas para a UDC e elaborada a proposta de orzamento, cómpre salientar as seguintes matizacións das previsións sinaladas:

- Orzamento global: O importe global do orzamento sitúase en 129,6 millóns. A diferenza respecto da previsión (de 127,7 millóns) explícase en gran parte por cambios en criterios de contabilización, concretamente referentes aos proxectos de investigación estatais e á dotación para acción social. Deste xeito, a caída real do orzamento é dun 7%.
- Ingresos
 - A participación da UDC nos fondos distribuídos pola Xunta de Galicia ás universidades (343,4 millóns) é dun 27,4%, o cal representa uns ingresos de 94,2 millóns de euros, un 8,3% menos do percibido no ano 2009:

Concepto	2009	2010	2011	Concepto	
Financiamento incondicionado	75.905.799	67.340.077	78.285.727	Subvención fixa - C4	Financiamento estrutural
Fondo de Calidade:	6.762.030	7.790.034	315.022	Subv.Compens.Ctes.Induc.	
Fondo de Nivelación	3.767.186	3.379.582	200.000	Consellos Sociais	
Fondo de Investimentos	6.106.283	6.106.283	1.448.439	Subvención Fixa - C7	
INEF - Coruña	3.189.016	3.066.120	2.945.254	INEF - Coruña	
SERGAS-prazas vinculadas	1.152.517	1.198.430	1.219.053	SERGAS-prazas vinculadas	
Complemento Plan Financ. C4	2.457.626	2.685.508	5.131.604	Financiamento por Resultados	
Complemento Plan Financ. C7	1.175.049	4.700.195	4.699.800	Financ. por mellora da Calidade	
Convenios complementarios	2.247.770	1.412.616			
Total	102.763.276	97.678.845	94.244.898		

- Das dúas fontes de ingresos extraordinarios dispoñibles, aplícase unicamente ao orzamento de 2011 a activación do anticipo reembolsable, mentres se adía ao seguinte bienio a aplicación dos ingresos extraordinarios por IVE, profundando así na liña de programación económica sustentable que se ven seguindo.
- Aparentemente, a caída dos fondos finalistas para I+D+i estaría moi por baixo da prevista, pero isto responde á acumulación das anualidades correspondentes a 2010 e 2011 nos proxectos de investigación estatais, que se traduce nun incremento ficticio de 1 millón de euros. Eliminado este efecto contable, a redución está na liña apuntada (en torno ao 25%).
- **Gastos**
 - As convocatorias de complementos autonómicos a finais de 2010 matizan en décimas a rebaixa deste capítulo, axustándoa ao 5%. A diferenza co 4,5% nominal é consecuencia da inclusión no capítulo 1 de conceptos de acción social que anteriormente non se computaban neste capítulo (matriculas, gardería e intercambio).
 - O principal cambio respecto das previsións avanzadas é que o esforzo de austeridade no gasto corrente resultou moito máis efectivo do esperado (-3%), alcanzando o 8% deste capítulo, e liberando así recursos por valor de 1 millón de euros.
 - Como consecuencia, fundamentalmente, do forte axuste do gasto corrente, a redución do capítulo de investimentos é máis moderada do previsto, situándose nun 11% (16% unha vez eliminado o efecto dos cambios na periodificación). En particular, os investimentos en investigación están preto de manterse en termos reais.

- o Segundo o compromiso asumido, as bolsas e axudas a estudantes só baixan un 1,7%, moi por baixo do 7% de caída real do conxunto do gasto.

CONCLUSIÓNS DOS INDICADORES DO PLANO ESTRATÉXICO

Unha análise xeral dos indicadores do Plano Estratégico para o ano 2009 (cuxa versión preliminar está dispoñible na web da UDC na dirección <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>) permite confirmar e matizar algunhas das conclusións extraídas o ano anterior, contribuíndo a orientar o orzamento do próximo ano:

- Confírmase o importante impulso dado á implantación do EEES, aspecto central no Plano Estratégico, nas súas distintas dimensións (infraestruturas, persoal, organización docente, formación, mapa de titulacións, TICs, captación de alumnado,...). Isto amortece os efectos da diminución dos recursos dispoñibles, especialmente limitativos en materia de persoal e infraestruturas.
- No referente á investigación, aínda que seguen a observarse carencias, tamén se aprecian algúns avances significativos, como en materia de formación de persoal e en produción científica. Estes datos, xunto coa constatada diminución dos recursos externos dispoñibles para I+D+i como consecuencia da crise, xustifican o mantemento do esforzo económico realizado con fondos propios.

DOTACIÓN ECONÓMICA DE ACTUACIÓNS RELEVANTES

Nos seguintes subepígrafes infórmase sobre a dotación económica de actuacións relevantes e novidades, agrupadas segundo os obxectivos do Plano Estratéxico.

DOCENCIA

Potenciación da cultura da calidade e a innovación

- Mantense a partida do CUFIE en 120.00 €, para os programas de formación do profesorado, mentres que a de investimentos da UTC pasa de 100.000 a 30.000 €.
- Desaparecen os contratos-programa, relacionados coa adaptación ao EEES, xa en marcha, o cal supón un aforro de preto de medio millón de euros.

Facilitar a transición no proceso de integración no EEES

- Consígnase 1.000.000 € para outras obras de adaptación ao EEES, entre as que se inclúen importantes actuacións na Facultade de Economía e Empresa e intervencións na Escola Politécnica Superior.
- Recóllese unha última anualidade de 1 millón de euros para o edificio da área científica do parque tecnolóxico (Facultade de Informática e Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos). Ademais, o seu equipamento podería absorber en torno ao 50% da partida xeral por este concepto.
- Teñen un carácter mixto docente e de extensión tanto a ampliación e mellora das instalacións deportivas do campus de Elviña (asociadas, entre outros usos, a actividades docentes da Facultade de Ciencias da Educación) como a reforma da Aula Náutica. A primeira das actuacións acometerase con orzamento de 2010 mentres na segunda Caixa Galicia achega 300.000 € dos 450.000 € totais.

Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo

- A partida asociada á docencia práctica non se ve afectada pola redución dos fondos dispoñibles.

- Mantense tamén o programa de bolsas en laboratorio, cun orzamento 72.500€.

Fomento do uso das TIC no proceso ensino –aprendizaxe

- O investimento en hardware, que pasou de 450.000 € en 2009 a 300.000 € en 2010, se sitúa en 2011 en 375.000 €, pois é necesario repor o stock de seguridade que se veu afectado pola forte redución do pasado ano.

Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos

- As bolsas a estudantes, ao recortarse só nun 1,7%, seguen a incrementar o seu peso no orzamento.

Fomento das prácticas en empresas e institucións

- O programa Leonardo de prácticas en empresas doutros países, financiado pola U.E., acada uns recursos de 250.000 €.

Axilización e simplificación procedementos de xestión

- Os novos desenvolvementos do programa Xescampus órzanse en 315.000 € (500.000 € en 2010).
- A partida de Investimentos para o apoio á xestión existente complementase con outra orientada a ampliar os sistemas de información e rendición de contas. Aínda así, o investimento pasa de 467.000 € a 302.000 €.

Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES

- O investimento en fondos bibliográficos redúcese só nun 4,3%, fronte ao 11% global do capítulo de investimentos. O motivo é que se mantén a partida de publicacións periódicas, que se considera estratéxica dende o punto de vista da investigación e ademais ven determinada por acordos conxuntos con outras institucións (Bugalicia) e compromisos plurianuais.
- Os fondos bibliográficos de centros e departamentos redúcense nominalmente nun 9,4%, aínda que o cambio no cómputo do IVE (que non se computará como gasto no caso dos fondos de investigación e se reducirá nun 9% nos gastos de carácter mixto, docente e investigador) paliará parcialmente este recorte. Asemade, flexibilízanse as normas referentes a

este tipo de transferencia para permitir aos centros a priorización destes gastos no caso en que o consideren oportuno.

I+D+i

Incrementar a investigación de calidade

- Segundo se indicou anteriormente, mantense o gasto en publicacións periódicas, de 1,5 millóns de euros.
- Os fondos distribuídos por produción científica (1.084.000 € en 2010) mantéñense en termos reais, pois a redución nominal do 13% compénsase co feito de que a partir de 2011 estes gastos se computarán netos de IVE.
- Os contratos predoutorais mantéñense (541.000 €), aplicando unicamente un axuste salarial semellante ao do conxunto dos empregados públicos.
- Mantense a partida de Gastos Adscritos a Programas de Investigación (160.000 €).
- Na partida de Programas de Investigación o programa de adianto das convocatorias de consolidación da Xunta, que figuraba con 280.000 € en gastos e con 224.000 € en ingresos, desaparece como consecuencia dos cambios no programa autonómico. Por outra banda, financiarase unha convocatoria de organización de congresos con financiamento específico adicional.

Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico

- Os novos centros do Parque Tecnolóxico (CICA e ampliacións do CITIC e o CITEEC) órzanse con 400.000 € para obras e outro tanto para instalacións e equipamento.

Fomentar a relación con outros grupos de investigación

- Os programas de bolsas de mobilidade internacional de profesorado suman 105.000 €.

Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI

- O orzamento da UTC dedicado a accións de certificación mantense en 136.000 €.

Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional

- Mantense no orzamento inicial da Oficina de Transferencia da Investigación o incremento de 200.000 € do ano 2009, en virtude do compromiso da Consellería de Economía e Industria de prorrogar o convenio que o financiaba.

RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos

- Dótase con 230.000 € a partida de Campus-Center para actuacións nos baixos do estadio de Elviña.

Impulso das actividades culturais da UDC

- Órzanse 400.000 € para completar o Centro Cultural de Riazor, 100.00 € para a urbanización do seu contorno, e 450.000 € para completar o Centro Cívico de Ferrol.

Potenciación das relacións internacionais

- As bolsas Erasmus, as de mobilidade bilateral de estudantes e as de master para alumnos latinoamericanos totalizan 790.000 €.
- Créanse as bolsas de mobilidade internacional coa Universidade de Adelaida (Australia), dotadas con 45.000 €, dos que 30.000 os achega Navantia.

Incremento das dispoñibilidade e o aproveitamento de instalacións deportivas

- Segundo se indicou anteriormente, as instalacións deportivas son unha compoñente prioritaria das actuacións do Campus-Center de Elviña en marcha, que se desenvolverán ao longo de 2011.
- Tamén se sinalou que as obras na Aula Náutica suporán un investimento de 450.000 €.

Potenciación da proxección e a imaxe da UDC

- A partida de información e divulgación baixa de 225.000 € a 140.000 €.

Normalización da lingua galega

- O orzamento solicitado polo Servizo de Normalización Lingüística pasa de 60.000 € a 50.000 €.

Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica

- A partida do Plano enerxético da UDC pasa de 220.000 € a 250.000 €. Este orzamento poderá duplicarse en virtude de financiamento adicional conveniado para actuacións en Ferrol e A Coruña.
- Mantense o orzamento para seguridade e saúde (315.000 €).

Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa

- Un ano mais reproducése o esquema de cofinanciamento da Oficina de Software Libre pola UDC e a Xunta de Galicia.
- Mantéñense as axudas para a cooperación e o desenvolvemento e o orzamento da oficina de igualdade.
- Poténciase a atención á diversidade: A partida da ADI (Atención a diversidade) no capítulo 2 pasa de 70.000 a 83.000 euros, mantense o programa de bolsas ADI (38.800 €), e dispórase de fondos externos adicionais.

Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol

- A área residencial no campus de Elviña, con dotación orzamentaria da Xunta de Galicia dende hai varios exercicios, segue a espera da decisión política de adxudicación do concurso público para a súa construción.
- No proxecto da Residencia Universitaria de Ferrol, polo seu carácter estratéxico, concentraranse esforzos para acadar financiamento externo específico que permita executalo, ademais de desenvolverse as actuacións previas necesarias, para as que se orzan 200.000 €.